



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS NA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO RECINTO FEIRAL DE EXPOCORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia Pérez, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación ten previsto formalizar coa Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto determinar o marco de colaboración entre as partes asinantes para o financiamento de investimentos na mellora das instalacións do Recinto Feiral de ExpoCoruña .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía, Industria e Innovación, segundo o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (transitoriamente en vigor de conformidade co establecido na disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia), é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio e a programación e a xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, apoiando, neste caso, as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexable cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento.

Pola súa parte, a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO), parte integrante do sector público autonómico, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se





contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades promocionais e, a tal fin, vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona actuacións que se concretan, fundamentalmente, en feiras, certames, exposicións e eventos deportivos.

As partes consideran que a mellora da competitividade do recinto feiral e a posta en valor dos seus recursos favorece o desenvolvemento de actividades nas súas instalacións e a viabilidade do mesmo. Por isto, e dado o seu interese coincidente, a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) estiman oportuno establecer unha liña de colaboración a través da formalización deste convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

